

Programación xeral anual
do
CMUS PROFESIONAL
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Curso: 2017-18





Capítulo I (letras a), b), c), d), e), k) e l) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

1. Obxectivos específicos

OBX-PXA 1. Proceder á creación de materiais didácticos para a sección bilingüe, e para o 1º curso de grao elemental e colaborar coa USC na labor de titorización de alumnado do master en secundaria. (OBX-PE 1)

OBX-PXA 2. Avanzar na busca de solucións ás carencias e necesidades de espazo no Centro. (OBX-PE 4)

OBX-PXA 3. Mellorar o acondicionamento do Auditorio, sala de profesorado e outros espazos, dentro das nosas posibilidades, e levar a cabo o pintado e limpeza dos espazos do Centro para mantelo en condicións adecuadas. (OBX- PE5).

OBX-PXA 4. Implantar o plan de Autoprotección no Conservatorio. (OBX- PE8).

OBX-PXA 5. Mellorar a accesibilidade á información e documentación de relevancia para o alumnado, profesorado e comunidade educativa en xeral. (OBX- PE11).

OBX-PXA 6. Deseñar un formato propio para a documentación do Conservatorio. (OBX- PE7,11).

OBX-PXA 7. Manter un contacto fluído e colaborar coa ANPA do CMUS co obxectivo de coñecer as súas demandas e detectar aspectos de mellora. (OBX- PE 12,13).



OBX-PXA 8. Mellorar a coordinación entre os distintos órganos de coordinación docente. (OBX- PE 9).

OBX-PXA 9. Rematar a elaboración de normativa do Centro. (OBX- PE11).

OBX-PXA 10. Promover a formación do profesorado do Centro en relación ao tratamento de alumnado con necesidades educativas especiais. (OBX- PE1)

OBX-PXA 11. Mellorar a seguridade das instalacións do Centro. (OBX- PE 5)

OBX-PXA 12. Realizar un encontro anual cos Conservatorios que dependen administrativamente do noso Centro. (OBX- PE 14).

OBX-PXA 13. Colaborar cos Centros educativos da contorna en proxectos comúns que melloren a formación do alumnado, e facilitar a participación do noso alumnado en espazos culturais: teatros, auditorios, etc. co obxectivo de mellorar a súa formación. (OBX- PE14).

OBX-PXA 14. Mellorar a colaboración coas institucións musicais da cidade. (OBX- PE15)

OBX-PXA 15. Realizar actividades que potencien a visibilización da muller na música. (OBX- PE 16)

OBX-PXA 16. Seguir na mellora da acción tutorial do o noso alumnado. (OBX- PEC10)



11. Realizar as melloras no Centro que propón o novo plan de Autoprotección. (OBX-PXA4,3).
12. Substituir a antiga páxina web pola creada o pasado curso. (OBX- PXA-5).
13. Elaborar un novo modelo para cada un dos documentos de uso común no Centro. (OBX- PXA6)
14. Participar no desenvolvemento das actividades de tutoría de alumnado do prácticum do Master en Profesorado de Educación para alumnado das Universidades autorizando expresamente a presenza e participación do alumnado nas actividades do Centro e a súa adecuada coordinación e titorización por parte do Conservatorio en Colaboración coa súa Facultade. (OBX- PXA1).
15. Manter unha reunión coa ANPA do CMUS para coñecer as súas demandas na busca de espazos de mellora no Centro.(OBX- PXA7).
16. Na busca de unha comunicación máis directa entre os diferentes órganos de goberno e de coordinación docente e o equipo directivo establecer un calendario de reunións entre o equipo directivo e os departamentos didácticos. (OBX-PXA8).
17. Redefinir, en colaboración coa CCP a actividade Acude e Educa para mellorar a súa eficacia. (OBX-PXA8).
18. Mellorar o seguimento das reunións dos departamentos didácticos e propoñer aos departamentos un calendario de reunións ordinarias dende o principio de curso. (OBX- PXA8).
19. Realizar as accións de mellora que propón o novo plan de autoprotección. (OBX- PXA8).



20. Realizar a calibración dos departamentos didácticos tal e como está establecido no procedemento de SXC. (OBX- PXA9).
21. Crear o plan de convivencia do Centro. (OBX- PXA9).
22. Adaptar o NOF ao formato do sistema de Calidade rematando así a elaboración da normativa necesaria para a xestión do Centro. (OBX- PXA9).
23. Levar a cabo actividades formativas para o persoal do Centro que nos axuden a saber xestionar problemáticas en relación ao alumnado con necesidades educativas especiais. (OBX- PXA10).
24. Solicitar o aumento da altura das varandas do centro ou medida similar para mellorar a seguridade do alumnado. (OBX- PXA 11).
25. Levar a cabo o concerto anual de Centros adscritos. (OBX- PXA12, 13).
26. En colaboración co departamento de conxunto promover unha nova reunión coa xerencia da Real Filharmonía de Galicia para acadar algún tipo de colaboración que sexa beneficiosa para o noso alumnado. (OBX- PXA14).
27. Realizar o curso anual coa Banda Municipal de Santiago de Compostela e a participación do noso alumnado nos concertos con esta agrupación. (OBX- PXA14).
28. Realizar actividades de orientación académica e profesional para os últimos cursos de grao profesional. (OBX-PXA16)
29. Realizar actividades que poñan en valor o papel da muller e á súa relevancia no ámbito da composición, dirección ou interpretación musical. (OBX-PXA15)



2.1 Horario xeral e criterios para a súa elaboración

A actividade lectiva do centro organízase entre as 9:00h e as 22:00h.

O horario elaborouse seguindo as directrices marcadas polo Capítulo II da ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma (DOG do 18 de agosto). Neste sentido, para facilitar o aproveitamento dos espazos do centro para a docencia, as clases en horario de tarde comezan como norma xeral ás 16:00h. e rematan ás 22:00h. agás o venres que rematan ás 21:00h. A elaboración do horario xeral do centro respectou a dispoñibilidade horaria do alumnado limitada polo ensino obrigatorio, intentando facilitar tamén na medida do posible as peticións horarias do alumnado que cursa estudos universitarios e non obrigatorios como son os ensinos de idiomas e outros. A idade do alumnado, así como a intención de minimizar o número de días que alumno ten que vir o centro, foron tamén criterios de peso na elaboración dos horarios e a distribución do mesmo en grupos. Co fin de minimizar os días de asistencia ao Centro, as clases de Harmonía, Análise, e Historia da Música continúan a ter unha duración de dúas horas ininterrompidas, un día por semana o mesmo que os pasados anos. Tamén este ano segundo acordo de claustro e de xeito experimental creáronse grupos de linguaxe musical e educación auditiva de dúas franxas de 90 minutos en primeiro e segundo curso de grao elemental, e o seu resultado será avaliado a final do presente curso.



A elección dos horarios de piano complementario fíxose seguindo os mesmos parámetros que os dos cursos anteriores.

A Biblioteca abrirá todos os días de 15:30 a 21:00 horas excepto os venres que abrirá ata as 19:00 horas (pendentes de pechar o calendario de gardas e bibliotecas) e a oferta de mañá segundo cronograma que se anexará no cadro de gardas. As clases correspondentes ao Grao Elemental desenvólvense exclusivamente en horario de tarde. As clases correspondentes ao Grao Profesional impártense na súa maioría tamén en horario de tarde. Ao igual que en anos anteriores, creáronse grupos no 6º e 5º cursos de Grao Profesional en horario de mañá, para mellorar a oferta horaria o alumnado que cursa estudos universitarios ou que ten dedicación exclusiva nestas ensinanzas.

2.2 Horario de atención ao público

Dirección. José Luis Quintás Carreira: martes de 10:00 a 11:00h e de 20:00 a 21:00 h.

Vicedirección. Sonia Avilés Vidal: venres de 10:00 a 11:00 h. e luns de 18:00h a 19:00 h.

Xefatura de estudos. Alejandro Cimadevila Louzao: Luns 12:00 a 13:00 horas e martes de 16:00 a 17:00h.

Secretaría. Fernando Rei Maio: luns 11:00 a 12:00h e xoves 19:00 a 20:00h.

Horario de oficina: de 9:00 a 13:00h. de luns a venres.

2.3 Cadro xeral horario de atención tutorial

CALENDARIO DE TITORÍAS 2017-18

Alexandrovskaya Trofimova, Olga	xoves, 15:00-16:00h.
Alonso Díaz, Luz	mércores, 15:00-16:00h.
Avilés Vidal, Sonia	martes de 20:00 a 21:00 h.
Bermejo Gorostiza, Itsaso	Luns 15:30 a 16:00h. martes, 16:30-17:00h.
Buide Del Real, Fernando	mércores, 19:00--20:00h.
Canosa Insua, Saúl	xoves, 19:00-20:00h.
Cañada Valverde, Juan Vicente	venres, 18:00-19:00h.
Cao Iglesias, Borja	martes, 16:30-17:00h/venres, 19:30-20:00h.
Cao Iglesias Humberto	luns, 17:30 a 18:00/venres 19:00-19:30h.
Cimadevila Louzao, Alejandro	Martes e mércores , 15:30-16:00h.
Collazo Quinteiro, Juan	mércores, 19:00-19:30/xoves 17:30/18:00h.
Dapena González, José M.	luns, 18:00-19:00h.
Delgado Blanco, Yolanda M.	martes, 15:00-15:30h/venres 15:30-16:00.
Dios Domínguez, María Pilar	martes, 16:30-17:00h/venres, 19:30-20:00h.
Durán Arufe, David	mércores, 21:00-22:00h.
Fernández Fentanes, Serafín	mércores, 16:00-17:00h.
Fernández Pan, Marta	mércores, 16:00-17:00 h.
Fernández Vázquez, M ^a del Mar	martes, 20:00-21:00h.
Ferreiro Soto, Carmen M.	xoves, 15:00-16:00h.
Fontenla Portas, Miguel	Luns, 16:30-17:00h, venres, 15:00-15:30h.
García Escudero, Efrén	mércores, 16:00-17:00 h.
García Fernández, Antonio	mércores, 19:00-20:00h.
García García, Vicente	martes, 21:00-22:00h.
González Nunes, Vanessa	xoves, 18:00-19:00h.
Hervás Brull, María Jesús	luns, 20:00-21:00 h.
Lloréns Blay, Guzmán	mércores, 18:00-19:00h.
López Carrera, Aida M.	xoves, 15:00-16:00h.
López-Felpeto Paz, Elena	Luns, 16:00-17:00 h.
Martínez Costas, Carolina	xoves, 21:00-21:30h.

Martínez-Risco Ulloa, Ton	martes, 15:30-16:00h/ venres, 15:30-16:00h.
Martínez Villar, Manuel	mércores, 15:00-16:00h.
Millán Pérez, Martín	venres, 15:00-16:00h.
Novio López, Valentín	venres, 15:30-16:00h/ xoves 18:30-19:00h.
Otero Neira, Javier	luns, 19:00-20:00h.
Pérez López, Guillermo R.	luns, 15:00-16:00h.
Pérez Peiró, Sergio	venres, 15:00-16:00h.
Quintás Carreira, José L.	luns, 19:00-20:00h.
Rei Maio, Fernando	martes, 20:00-21:00h.
Rei Sanmartín, Isabel	martes, 19:00-20:00h.
Rodríguez Álvarez, X. Antonio	mércores, 20:00-21:00h.
Rodríguez Ramos, José	martes, 19:00-20:00h.
Rouco López, M ^a Belén	luns, 17:00-18:00 h.
Rubio Lera, Ángeles	luns, 20:00-21:00 h.
Santamarina Fernández, Roberto	xoves, 19:00-20:00h.
Sarmiento Vallverdú, Encarnación	luns, 17:00-18:00 h.
Suárez Ogando, Noia	venres, 17:00-18:00h
Tilve González, Carlos E.	luns, 18:00-19:00h.
Valcárcel Moura, Alejandro	mércores, 15:00-16:00h.
Valdés Paredes, Jorge	mércores, 15:00-16:00h.
Vega Real, José Manuel	xoves, 16:30-17:00 h.
Vicente Rodríguez, Estefanía	Martes 16:00-16:30/ e xoves, 15:30-16:00h.
Villafáfila Aparicio, Ángel	luns, 17:30-18:00h/venres, 15:00-15:30h.
Vilas Rodríguez, J. Ángel	martes, 18:00-19:00h.
Vizoso Pérez, Miguel	xoves, 15:00-15:30h/ 18:30 a 19:00

2.4 Horario de utilización das instalacións do centro

Horario lectivo



A xornada lectiva do Conservatorio esténdese dende as 9:00 horas ata as 22:00 horas de luns a xoves. Os venres a xornada lectiva remata as 21:00 horas.

Horario de utilización das instalacións do Centro.

As instalacións xerais do centro pódense utilizar no horario que queda reflectido. As cabinas de estudo pódense utilizar polo alumnado do centro sempre que exista dispoñibilidade, por orden de chegada, recollendo a chave co carné de alumno do CMUS. Tamén se poden utilizar as aulas do conservatorio en horario de mañá sempre que non as precisen os profesores, con un permiso especial da dirección do Centro.

Calendario Escolar CMUS Profesional de Santiago de Compostela 17-18.

O curso académico abranguerá desde o día 1 de setembro de 2017 ata o 31 de agosto de 2018. As actividades lectivas rematarán o día 30 de xuño de 2018.

Os días non lectivos durante o curso escolar serán os seguintes:

1. **Outubro.**
 - a. 12 de outubro. Día non lectivo.
2. **Novembro**
 - a. 1 de Novembro Non lectivo. Día de todos os Santos
3. **Decembro.**
 - a. 6,7,8 de Decembro. Non lectivos. Día da Constitución, ensino, Inmaculada.
 - b. 22, 25, 26, 27, 28, 29, vacacións de Nadal.
4. **Xaneiro.** 1, 2, 3, 4, 5, vacacións de Nadal.
5. **Febreiro.** 12, 13, 14, vacacións de Entroido.

6. **Marzo.**

- a. 26, 27, 28, 29, 30 de marzo. Vacacións de semana santa.

7. **Abril**

- a. 2 de abril. Vacacións de semana santa.

8. **Maio.**

- a. 1 de maio. Non Lectivo. Festa do traballo.
b. 10 de maio. Non lectivo. Día da Ascensión.
c. 11 de maio. Día non lectivo. Día de libre elección por parte do Centro.
d. 17 de maio. Letras Galegas.

2.5 Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autoavaliación do conservatorio

O Decreto 223/2010 do 30 de decembro polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu capítulo III, artigo 45, punto 9, di que polo menos con una periodicidade trimestral, "os órganos colexiados reuniranse para avaliar cada un no ámbito das súas competencias, o grao de cumprimento da programación xeral anual e propor as oportunas modificacións se as houber".

Como resultado destas avaliacións introducíranse na PXA modificación a proposta dos órganos colexiados do Conservatorio.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica elaborará propostas que se incluírán na programación xeral anual do próximo curso.

Capítulo II (letras m) e n) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

1. Documento de organización do centro

O Documento de organización do Centro entrégase en formato dixital como é preceptivo.

2. Modificacións do proxecto educativo

O Proxecto Educativo segue vixente sen modificacións.

3. Programacións didácticas dos departamentos

As programacións didácticas adxúntanse en formato dixital.

Capítulo III (letras f), g), h), i) e j) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

4. Profesorado participante en programas de innovación educativa

No CMUS Profesional de Música de Santiago de Compostela non intervén profesorado participante en programas de Innovación Educativa.

5. Programa anual de formación do profesorado

En este curso o CMUS Profesional de Santiago de Compostela ten solicitada a incorporación a un PFPP que inclúe dúas liñas:

1. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.
2. Actualización científica e didáctica do profesorado.

En cada liña vaise a desenvolver durante este curso un itinerario:

- Actualización metodolóxica e elaboración de materiais transversais para o grao elemental.
- Artes gráficas nos Conservatorios: Tratamento dixital de imaxes.

Profesorado do Conservatorio tamén vai a participar no curso de “Inglés para o profesorado dos Conservatorios” .

Tanto o PFPP como o curso de inglés están supervisados polo CAFI.

A formación do resto do profesorado realízase de acordo ás súas propias necesidades. Ata o día de hoxe confirmáronse as seguintes actividades de formación para o profesorado do Centro.

- **JOSÉ ÁNGEL VILAS RODRÍGUEZ**, foi **admitido** na actividade de formación permanente do profesorado **Son, música e tecnoloxía**.



- Dona **ITSASO BERMEJO GOROSTIZA**, foi **seleccionada** para realizar a actividade de formación permanente do profesorado **Ambientes persoais de aprendizaxe e redes sociais na educación.**
- Don **LORENZO DE LOS SANTOS GAGO**, foi **seleccionado** para realizar a actividade de formación permanente do profesorado **Ambientes persoais de aprendizaxe e redes sociais na educación**
- Dona **ENCARNACIÓN SARMIENTO VALLVERDÚ**, foi **admitida** na actividade de formación permanente do profesorado **Inglés. Curso de actualización lingüística e comunicativa.**
- Dona **VANESA GONZÁLEZ NUNES**, foi **seleccionada** para realizar a actividade de formación permanente do profesorado **Tratamento da diversidade afectivo-sexual e de xénero nas aulas.**
- Don **JOSÉ LUIS QUINTAS CARREIRA**, foi **admitido** na actividade de formación permanente do profesorado **Formación continua de equipos directivos.**

6. Programa de promoción da lingua galega

O programa de promoción da lingua galega achégase en documento adxunto.



7. Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O plan anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas entrégase como anexo. (Programación Xeral Anual de Actividades).

8. Plan de autoprotección

O Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, así como o *DECRETO 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia* establecen no seu ANEXO I, punto 1, alínea e, que deberán realizar plans de autoprotección os:

1. *Establecementos de uso docente especialmente destinados a persoas discapacitadas físicas ou psíquicas ou a outras persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.*
2. *Calquera outro establecemento de uso docente sempre que dispoña unha altura de evacuación igual ou superior a 28 m, ou dunha ocupación igual ou superior a 2.000 persoas.*

O Conservatorio de Música de Santiago de Compostela non se atopa en ningún de estes casos pero aínda así contratou unha empresa especializada para a realización de un plan específico que consiste en un documento para o Centro e na formación do persoal existente no mesmo.

ORDEN de 13 de novembro de 1984 sobre exercicios de evacuación de emerxencia en Centros Públicos Docentes. Os Centro Públicos Docentes levarán a cabo prácticas de evacuación dos edificios, que se efectuarán durante os tres primeiros meses do ano académico de acordo coas instrucións que se atopan no anexo da citada Orde.

De acordo con esta ORDE o Centro está elaborando un simulacro de evacuación para levar a cabo.

- As vías de evacuación do Centro atópanse sinalizadas.
- O Conservatorio renovou no curso 2014-15 a sinalización de emerxencias, revisou e mantén operativos todos os dispositivos do Centro para facer fronte a calquera imprevisto.
- O Conservatorio mantén un contrato coa empresa JOMAGAR para velar polo bo funcionamento do equipo contra incendios, alarmas e demais dispositivos.
- O Conservatorio de Música de Santiago de Compostela conta con un manual de autoprotección para facer fronte a posibles imprevistos ou situacións de emerxencia.

